

SEMANA
DAS LETRAS
GALEGAS
MAIO 2012

Por unha hora en popa, un ano en bolina.
Notas sobre a cultura e o patrimonio léxico
da beiramar galega

Francisco Fernández Rei

Universidade da Coruña
Salón de graos da Facultade de Economía e Empresa
16 de maio de 2012
Ano de Valentín Paz Andrade

Antes de nada quero agradecerlle á Universidade da Coruña, e especialmente a Goretti Sanmartín, responsable do Servizo de Normalización Lingüística, a invitación para participar nesta Semana das Letras 2012 en que se homenaxea Valentín Paz Andrade, galeguista moi relacionado co mundo do mar e da pesca industrial e así mesmo cantor dos rexos galegos «abandeirados de horizontes, / peregrinos dos puntos cardinales / en romeiría polos sete mares», mariñeiros que chegaban a porto despois de traballar na costa de Sardoá ou no Gran Sol, na Terra dos Bacallaus ou no hemisferio «que noso irmao o portugués abría / até lindeiros nunca navegados».

Tal como se indica no título da conferencia, vou tratar da cultura da beiramar de Galicia e, sobre todo, de léxico relacionado con ela, tanto da lingua oral como da literaria.

A xeito de introdución quero referirme a persoas pioneiras no estudo e na divulgación do noso patrimonio marítimo material e inmaterial.

1. Existe unha estreita relación de Galicia co mar, polo gran número de quilómetros de costa (uns 1200 desde Ribadeo á Guarda) e pola moita xente que tivo, e segue a ter, no mar o seu principal modo de vida, sexa en praias e en augas do noso litoral, sexa en caladoiros a centos ou a miles de millas; porén, a pesar da innegable importancia do mar para moitos galegos, a pesar de termos tanta costa, na nosa cultura houbo relativamente pouca presenza do mar.

No séc. XVIII algúns dos ilustrados recolleron léxico mariñeiro. É o caso do Padre Sarmiento, que nas súas viaxes por Galicia en 1745 e 1754 anotou moita nomenclatura de peixes, de crustáceos e de algas. Cornide deixounos nomes de peixes e tamén unha *Memoria sobre la pesca de la sardina en las costas de Galicia* (1774) para defender o noso mar, que desde mediados do séc. XVIII estaba a ser explotado polos fomentadores cataláns, que se instalaban na costa galega con novos aparellos e con novos métodos de salga do peixe.

En 1934 o ourensán Xaquín Lorenzo Fernández publicou o artigo «As dornas do Porto do Son», traballo pioneiro na investigación do patrimonio marítimo de Galicia, pois nada se fixera sobre a etnografía do noso litoral. O autor describía cada unha das partes desa emblemática (e poética) embarcación e da súa vela, os aparellos e o tipo de pesca, á vez que daba breves notas sobre como rezaba, vestía e comía a tripulación da dorna, que chegaba a estar dous días no mar. Daquela estábese nun momento crítico, a punto de desapareceren moitos costumes e embarcacións típicas que «aíxiña non serán mais que unha lembranza na mente dos vellos mariñeiros», en palabras de Xaquín Lorenzo, para quen a dorna, o xeito e a traíña ían rematando a súa vida, porque os motores de explosión desprazaban os barcos tradicionais. Neses anos José Suárez, ourensán de Allariz, fotografaba o labor artesan das xentes do mar, fotos que posiblemente eran estudos previos para a película *Mariñeiros*, que tivo que rematar no exilio. Xaquín Lorenzo aplicou o método «palabras e cousas» no traballo das dornas, o mesmo que empregou o alemán W. Schröder en «Die Fischerboote von Finisterre» (1937) para estudar os barcos de pesca de Fisterra na descrición etnográfica da lancha, das súas variantes menores e da chalana de fondo plano. O artigo contén un estudo etimolóxico da terminoloxía desas embarcacións fisterrás.

Na *Etnografía. Cultura material*, de Xaquín Lorenzo, que en 1962 se editou como volume II da *Historia de Galiza* dirixida por Otero Pedrayo e que constitúe un monu-

mental estudo da arquitectura e da tecnoloxía dos labregos, dos artesáns e dos mariñeiros galegos, o etnógrafo ourensán redactou dous excelentes capítulos sobre o patrimonio marítimo («Os produtos do mar» e «A conservación da pesca») e un sobre o patrimonio fluvial («Os produtos do río»). Pouco despois, Ricardo Mora publicaba a narración novelada *Hombres y dornas* (1965), ilustrada con fotos orixinais, onde se salientaba a individualidade dese barco e se atendía á xornada de traballo dun pescador de dorna. E en 1964 chegaba a Galicia o sueco Staffan Mörling, que viña de estudar os barcos das illas Feroe e quería facer o mesmo coas dornas, que tamén se constrúen *a calime* (ou *a escarva*), sistema polo que cada táboa se suxeita por fóra do bordo da de abaixo, cunha estrutura semellante á do bote anguleiro do tramo final do Miño, que chaman *caiuco* na beira galega do río e *carocho* na beira portuguesa.

Entre 1964 e 1967, cando moitos barcos tradicionais estaban a desaparecer, Mörling percorreu todo o litoral galego para fotografar, facer planos e recoller a rica terminoloxía e o xeito de vida do bote de Ribadeo e da gamela da Guarda, dos barlotes de Bares e dos trincados de Ferrol, das lanchas de Caldebarcos e de Fisterra, das dornas de Ons e de Ribeira, dos carochos do Miño e das chalanas, faluchos e outros barcos de madeira que aparecen na monografía *As embarcacións tradicionais de Galicia* (1989), a «Biblia» do movemento asociativo de recuperación do noso patrimonio marítimo e fluvial agrupado na Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, que desde a súa creación a comezos da década de 1990 ten a súa sede na vila arousá de Cambados e da que o historiador Dionisio Pereira foi o primeiro presidente.

A mediados da década de 1970 Carme Ríos Panisse e Antón Santamarina percorreron os portos que hai entre As Figueiras de Castropol e Caminha, na foz do Miño, fronte á Guarda, para recolleren a nomenclatura da flora e fauna marítimas, á vez que cubriron as enquisas da maior parte dos 15 portos galegos do *Atlas Lingüístico de los Marineros Peninsulares* (1985-89), coordinado por Manuel Alvar, e os tres da costa miñota portuguesa dese atlas. Ademais, coñecemos a fala mariñeira de catro portos eonaviegos grazas a Emilio Barriuso e o seu *Atlas léxico mariner de Asturias* (2002).

En departamentos da Universidade compostelá realizáronse nesa década de 1970 investigacións sobre a fala e a cultura mariñeira de varios portos galegos, á vez que o Centro Experimental do Plan Marisqueiro de Vilaxoán editaba cadernos sobre artes de marisqueo e de pesca artesanal da Ría da Arousa. O Museo do Pobo Galego, desde a súa fundación en 1977, sempre tivo moi en conta a cultura do mar de Galicia e a súa divulgación, cunha Sección de Economía Mariñeira da que se encargou Francisco Calo, autor de traballos pioneiros na etnografía e na antropoloxía marítima no Estado español.

Desde 1990 ata a actualidade editouse un bo quiñón de traballos sobre o patrimonio marítimo galego. Adela Leiro divulgou a cultura mariñeira e o léxico dos aparellos e das diversas artes usadas en Cambados, no Grove e na Illa da Arousa. Esperanza Piñeiro de San Miguel e Andrés Gómez Blanco estudaron a historia socioeconómica e cultural da pesca de baixura dos portos de Ferrolterra e da comarca do Ortegal a través de documentos e das lembranzas de mariñeiros e mariscadoras que no seu galego habitual, co léxico e a fraseoloxía propia deses portos, transmiten os segredos das súas heroicas vidas. Anos despois, estes estudosos centráronse na pesca de altura dos barcos con base no Muro da Coruña e no Berbés de Vigo, a partir de historias de vida de «homes de ferro en barcos de madeira», que era como os ingleses chamaban os mariñeiros galegos que pescaban no Gran Sol ou en Terranova.

Entre as achegas máis recentes na investigación da lingua mariñeira están os traballos de Paco Rivas e de Mónica Martínez Baleirón. Esta ocupouse do léxico mariñeiro do concello de Ribeira, a partir de etnotextos de mariñeiros de baixura e de altura, de mariscadores a flote e de mulleres que traballan na transformación e na distribución do peixe. Paco Rivas leva anotando vocabulario e fraseoloxía da xente do mar do Cantábrico galego, particularmente de Foz, co que redactou traballos sobre fraseoloxía da Mariña luguesa e un *Dicionario fraseolóxico do mar* (2005).

En xuño de 2004 a citada Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial comezou a publicar *Ardentía*, cuxo mascarón de proa podería ser «bitácora das travesías en que se embarcan os amadores da cultura do mar e dos ríos», tal como definiu esa revista o seu director Luís Rei. As diversas manifestacións do patrimonio marítimo-fluvial de Galicia e da costa miñota portuguesa e a súa terminoloxía inzan as páxinas de *Ardentía*, e tamén as doutras publicacións da Federación e dalgúns dos seus colectivos, particularmente do Grupo Etnográfico Mascato.

2. Nos 1200 quilómetros de litoral galego rexístrase unha gran diversidade litográfica, con zonas relativamente rectilíneas, que van alternando cos profundos entrantes que forman as *rías*. Unha voz tan galega como *ría* entrou na literatura científica internacional cando o xeógrafo alemán Ferdinand von Richthofen definiu por primeira vez ese concepto a finais do séc. XIX.

O litoral que vai de Ribadeo á Guarda está inzado de *cons* (termo popular nas Rías Baixas para as literarias *rochas*), de puntais e de praias con *mallantes*, liñas de argazo ou de broza que se forman na area da praia ou da ribeira e que indican ata onde subiu a marea. *Mallante* é termo arousán e tamén das rías de Muros e Noia e de Baiona (en

Ribadeo denomínase *fileiro*), que o rianxeiro Manuel Antonio usou nun poema de Viladomar (1928):

Por eso o meu corazón
coma un paxaro n-a man
latexa o mesmo pulso
baixo a pauta que o retrayo
reitera n-a **mallante**.

Cabanillas empregou en diversos poemas a variante cambadesa *mallente*, como na versión dun texto de Rabindranath Tagore:

Xa é tempo. As ondas corren
horas e horas, en desmaio
No prácido **mallente** da ribeira
cos seus beixos de escuma
bican a area docemente
e morren.

O termo *mallante* das abrigadas praias das Rías Baixas descoñécese na batida Costa da Morte, onde son populares e propias deste litoral voces como *coído* e *creba*, que non existen na cultura mariñeira das Rías Baixas. Os *coídos* son pequenas enseadas con pedras que foi puíndo o mar e que hai uns anos tantas veces vimos ennegrecidas polo piche, galipote ou chapapote vertido polo *Prestige*, cando os mares galegos choraban bágoas negras. As *crebas* designan os restos de naufraxios ou cargas dos barcos que chegan ás praias, especialmente obxectos que flotan, como madeiras, que se ían buscar para queimar ou facer bordas das chalanas, chalecos salvavidas, botes de pintura ou bolas de piche co que se carenaban os barcos.

Nalgún tramo da costa galega hai impresionantes *cantís*, como os da serra da Capelada en Cedeira e en Cariño, con *peiraos*, enormes pedras onde bate o mar, como se ve na zona de Santo André de Teixido. Tamén hai cantís entre cabo Silleiro e A Guarda, con *gamboas* ou entrantes do mar que se aproveitan para pescar. Na costa miñota portuguesa entre Caminha e Esposende denomínanse *cambôas* as pesqueiras construídas en pleno mar, na liña de praia, en zonas de afloramento rochoso, que se aproveita para consolidar a súa construción.

En todo este recortado e variado litoral a xente do mar foi creando un inmenso patrimonio material e inmaterial cunha rica terminoloxía referida á tipoloxía das embarcacións e ás artes de pesca e utensilios para mariscar, ás postas e tipos de terreo onde se pesca ou se

anda a mariscar, á flora e á fauna das augas, á conservación do peixe e do marisco, e tamén para designar o encher e devalar das mareas, o estado do mar, os ventos...

Na Galicia cantábrica hai ventos temidos como os do noroeste, que no mar e na costa poden provocar temporais chamados *galernas* (na ría de Vigo tamén se usa *galerna* para o temporal), mentres que na Galicia atlántica un dos máis temidos era o *leste*, pola moita fame que traía con el; de aí o *pasar leste* para pasar fame, expresión ben viva na acepción recta e na figurada na beiramar da Arousa, da Costa da Morte e noutras partes do litoral.

Tamén hai ventos agarimosos, coma *vento mareiro* do Salnés arousán que dá título a un emblemático poemario do cambadés Ramón Cabanillas, publicado en La Habana en 1915, que no seu momento supuxo unha sensación de alivio e de esperanza para a elite do incipiente nacionalismo galego polo «aggiornamento» da linguaxe poética, despois da escasa calidade literaria dos epígonos das tres coroas poéticas do Rexurdimento galego. En Cambados o *mareiro* é moito máis ca un vento que vén do mar. Trátase dun ventinho maino e leve, unha brisa refrescante que sopra do noroeste (da parte do Barbanza) na primavera e, sobre todo, no verán, desde mediodía á tardiña baixa, e que no solpor é substituído polo *terral*, vento calmeiro que vén de terra, da parte de sueste. Nos meses de inverno, o vento do noroeste xa non é o (*vento*) *mareiro* para os mariñeiros de Cambados senón o *vento da travesía*, ou simplemente *travesía*, e non é precisamente maino, senón todo o contrario, pois trae temporais como o dos días do naufraxio do *Prestige*.

En Rianxo, polo que eu sei, o *vento mareiro* é unha brisa suave, que sopra de calquera sitio e que permite navegar con tranquilidade, mentres que o alí chaman *vento do mar* sopra do sur e trae temporal e chuvia. O *mareiro* aparece na poesía de Manuel Antonio:

Ó volver, **vento mareiro**
c'o teu arrollo de fel,
traí o ronsel silandeiro
d'aquel mozo mariñeiro

E é o título dun cadro do tamén rianxeiro Castelao, moi semellante á portada que el mesmo fixo para a segunda edición do *Vento mareiro* de Cabanillas; porén, Castelao non pinta un vento agarimoso, porque a auga do mar do seu cadro e da portada do poemario ten a cor grisácea dos días de mal tempo, as copas dos altos piñeiros da praia vense dobradas e o mariñeiro camiña como fuxindo dun temporal que se aveciña.

3. No patrimonio léxico da beiramar de Galicia hai termos de uso común nos diferentes portos. É o caso de partes do barco, como *proa* e *popa* para a parte dianteira e traseira dunha embarcación, ou *quilla*, a peza de madeira ou de ferro que vai de proa a popa, dende a roda ó codaste, por debaixo da embarcación e que constitúe o principal reforzo lonxitudinal onde descargan as demais partes do barco. Ten quilla de madeira de carballo a dorna, pero non a ten a gamela, barco de fondo plano que permite navegar con pouca auga.

Son comúns no noso litoral voces da navegación como *orzar*, que é como se designa a manobra coa que se quere achegar a proa do barco a barlovento, á dirección do vento, cando se navega *de bolina*. A acción contraria, a de xirar o barco cara a sotavento ten varios nomes, entre outros, *derribar*, *arribar*, *empopar* e *ir á vía*.

Tamén son comúns de Ribadeo á Guarda termos da vela como *ris* (ou *rizo*, moi probable castelanismo), cada un dos cordeliños aliñados que permiten acurtar o pano da vela cando vai moito vento; e son de uso común voces para cabos como *orinque*, co que se amarra unha boia a un risón para indicar a posición deste, ou *estrobo*, anaco de cabo unido polos seus chicotes co que se suxeita o remo co tolete. E son voces xerais en todo o litoral nomes de peixes como *morea* e *solla*, artes de pesca como a *nasa* ou un termo como *axexo* (ou *asexo*) para designar o momento do solpor, mentres que a luz sonrosada que precede a saída do sol ten varias denominacións na beiramar, como son *alba* (e derivados *albor* ou *alborada*), *amanexo*, *día claro*, *día alto* e *luzada*, voz do mar da Arousa que Cabanillas introduciu no galego literario.

De prescindirmos das variantes fonéticas, nas catro grandes zonas en que se pode dividir todo o litoral galego –as Rías Baixas co treito de Baiona á Guarda, a Costa da Morte, o Golfo Ártabro co Ortegal e a Mariña do Cantábrico– úsase practicamente a mesma forma para animais mariños invertebrados como *ourizo*, *cangrexo*, *lumbrigante* e *xiba*; para peixes como *quenlla*, *morea* e *ollomol* e para un mamífero mariño coma o *arroaz* (o xeral é *arroás* ou *arruás*, mesmo en portos non seseantes).

A nomenclatura da fauna mariña pode ser común ás Rías Baixas e á Costa da Morte. É o caso de *barbo*, termo para o peixe perciforme que na Mariña de Lugo, no Ortegal e en portos ártabros chaman *salmonete*, igual que en portugués. Tamén é o caso de *arneirón*, diminuto crustáceo que cobre os cons e que se pega á obra viva dos barcos, ou o de *boi*, crustáceo chamado *noca* ou *nócara* no Ortegal e na Mariña lucense.

O Cantábrico galego pode presentar un léxico característico, mais non sempre exclusivo desa costa, como ocorre coa voz *chicharro*, para o peixe escombriforme

comunmente coñecido como *xurelo* (en portugués dise *carapau* e *chicharro*), e coa *pata* ou *pata mariña*, no canto do xeral *corvo* ou *corvo mariño* (o *cormorán* do galego literario é un galicismo co castelán como intermediario). Termo propio da Mariña luguesa oriental é *andarica*, como na costa asturiana, para nomear o crustáceo que en case todo o litoral galego se denomina *nécora*. Na foz do Miño a *nécora* dise *lavañeira* na Guarda e *navalheira* en Caminha, forma esta de todo o litoral portugués.

Hai voces que son «propias» das Rías Baixas coma os invertebrados *pateiro* e *caramuxo* (ou *caramuxa*) e peixes como *bocareu*, *xoubra* e *rapante*, fronte ás correspondentes *patexo* (e *pato* ou *patelo*), *mincha*, *bocarte* (ou *mocarte*), *parrocha* e *meiga* do resto do litoral.

Algún concepto ten unha clara distribución xeográfica. É o caso do órgano respiratorio dos animais acuáticos, que se denomina *gala* (ou *ghala*) no Cantábrico e no Golfo Ártabro e *ghalada* na Costa da Morte e nas rías de Muros e Noia e da Arousa, mentres que de Portonovo á Guarda se chama *gherla*, que é o *guerla*, sen gheada, da costa portuguesa, desde Caminha a Vila-Real de Santo António.

Non é tan clara a distribución no caso dos nomes da cuncha de caracol mariño grande, que furada pola punta, se pode facer soar soprando e que se denomina *corno* no Cantábrico e en portos das Rías Baixas e da Costa da Morte, mentres que *bughina* (a literaria *buguina*) se escoita entre Portonovo e Ares, xunto con formas como *caracola*. Só na costa de Baiona á Guarda se usa o termo *apupo*, que deriva de *apupar*, isto é, facer «pu-pú» cun corno ou cunha caracola. Na Guarda *apupar* era tocar o *apupo* desde terra para os mariñeiros se orientaren cando o porto estaba fechado de brétema.

4. A gran revolución que se deu na pesca de baixura desde a década de 1960 fixo que artes e barcos tradicionais se fosen transformando ou desaparecendo, á vez que se foi perdendo moito léxico patrimonial. Na citada *Etnografía. Cultura material*, Xaquín Lorenzo explicaba métodos tradicionais de pesca como a *ardora*, que consistía «en se guiare pola fosforescencia que provoca no mar o peixe ó rebulir», e o *toliñal* ou *mansío*, co que se situaba o peixe «por meio da presenza doutros chamados *tolinos* ou *toliños*, que persiguen ós primeiros e fanos rubir á tona do mar».

Tamén describía o *caldeo*: bótase no mar «unha boia e darredor dela déitase *engado* ou cebo, que prás sardiñas adoita ser *raba* –ovos de bacalláu misturados con farelos– ou *mazacote*, que son sardiñas pitadas [sic] na máquina de faguer chourizos». Desde hai anos úsanse sondas e GPS para detectar os *cardumes* ou *manchas* de peixe, polo

que termos patrimoniais como *ardora*, *caldeo* ou *raba* se refuxian nos dicionarios, aínda que algún como *ardora* é moi usado na lingua literaria.

Hai anos a xente que mariscaba a pé eran «na súa maioría mulleres ou agricultores da zona litoral, que compaxinan este labor a tempo parcial, como axuda á súa economía», tal como aínda hoxe se pode ler nun dos paneis do marisqueo da sala do mar do Museo do Pobo Galego. Isto xa é historia, porque quen na actualidade se achegue ás praias das Rías Baixas ou do Golfo Ártabro en calquera momento do ano poderá ver mulleres andando á seca e facendo labores «labregos», como retirar argazo e semear ameixa (*cadela* dinlle no Grove), sexa a autóctona ameixa *fin* e *babosa* ou a importada *xapónica*. E todas esas mulleres teñen cadanseu *pérmex*, acrónimo de «permiso de explotación» que as autoriza a mariscar, termo moi popular entre os mariñeiros de baixura e as mariscadoras.

Por outra parte, o tradicional *mariñeiro-cazador*, como o que anda á sardiña, á xarda ou ó xurelo co cerco de xareta en tarrafas ou noutros barcos, ou ben á pescada e ó badexo coa arte do pincho, convive co *mariñeiro-pescador*, que nunha dorna anda ós polbos ou ó peixe de pedra; e eses mariñeiros conviven co *mariñeiro-labrador*, do que son boa mostra os *bateiros*, que para moita xente do mar nin son mariñeiros nin son pescadores. E con eles conviven os *rañeiros*, que é como na ría da Arousa chaman agora os mariscadores a flote, que traballan non cos tradicionais rastros de ferro cun cope de rede e varas de piñeiro (ou de eucalipto), senón con *raños* co cope de ferro (ou de aluminio) que poden ter flexibles varas sintéticas, e fano desde planadoras, nalgún caso desde dornas con motor foraborda. Os *rañeiros* arousáns, particularmente os da vieira, tamén fan labores «labregos» de transplante de crías, limpeza do fondo do mar...

5. Neste repaso polo patrimonio léxico da beiramar galega quería determe nos termos *confraría* e *pósito* e facer algunhas consideracións históricas. Na prensa que conta cunha sección diaria sobre o mar, como é *La Voz de Galicia*, na información en castelán é frecuente que aparezan formas como *cofradía* e *pósito* nun mesmo texto; e o mesmo ocorre cando se informa en galego, pois pode lerse a forma culta *confraría* e a popular *pósito* para referirse á institución que defende os intereses dos armadores, mariñeiros e mariscadoras.

A desaparición forzosa en 1864 dos Gremios do Mar, que tiñan unha función benéfica, de socorros e mesmo de ordenación dos recursos, provocou un baleiro xeneralizado da capacidade asociativa no mar e un agravamento das condicións de vida e de traballo

dos mariñeiros. Persistiron algúns gremios reformados, como o dos Mareantes de Pontevedra e os gremios de mar do Porto do Son, Ares e A Guarda, con tarefas benéficas como enterros e atención a doentes.

Alfredo Brañas, saudoso dos vellos Gremios, fundou en Cambados en 1894 a «Asociación Cambadesa de Marineros», baixo a advocación da Virxe da Divina Pastora e cunha orientación católico-social, que agrupaba mariñeiros, armadores e outra xente. Esta Asociación, pioneira do asociacionismo mixto no litoral galego, en principio naceu para suplir as necesidades de asistencia médica e socorro ás viúvas dos mariñeiros, o que fixo que no xornal pontevedrés *Unión Republicana* se dixese con retranca que debería chamarse «La Funeraria» por ter como obxectivo principal dar velas para o velorio, enterrar os mortos e pagar os sacerdotes que oficiaban os funerais.

Morto Brañas esa asociación foi esmorecendo e en 1917 substituína o chamado «Pósito Pescador de la Ría de Arosa», que misturaba a defensa corporativa do colectivo mariñeiro co aspecto caritativo da asociación promovida por Brañas. Deste xeito nacíu en Cambados o primeiro Pósito de Galicia (e de todo o litoral español), inspirado nos Gremios de Mareantes que existían na costa galega desde a Baixa Idade Media e que tiñan unha estrutura moi pechada. Os Pósitos do primeiro terzo do séc. XX eran asociacións cooperativas que procuraban conciliar os intereses de armadores e mariñeiros, o que facía que estes se afastasen das organizacións de clase. Na Ditadura de Primo de Rivera, nun momento en que houbo grandes atrancos para o asociacionismo de base, produciuse a máxima expansión dos Pósitos. En 1925 creouse a «Federación Gallega de Pósitos Marítimos», con sede en Cangas do Morrazo desde 1927, na que se integraron 50 Pósitos cando se instaurou a II República.

Na maior parte das vilas da beiramar de Galicia proliferou o sindicalismo de clase nos anos da República, e foi a Federación Rexional de Industria Pesqueira, afiliada á CNT, a que aglutinou practicamente todos os mariñeiros galegos sindicados, que en 1932 eran máis de once mil. Antes da guerra de 1936 parece ser que o sindicalismo de clase superou, por primeira vez, en número e influencia social o sindicalismo mixto, representado polos Pósitos e as sociedades mixtas de pescadores, con maior implantación nos portos pequenos, aínda que as correntes proletarias comezaban a disputar tamén eses espazos, como ocorreu nos Pósitos de Mugardos e Pontevedra, baixo a influencia do PCE, e no de Cambados, que estaba na órbita da CNT.

Despois da guerra, os sindicatos de clase foron ilegalizados e os «Pósitos de Pescadores» transformados oficialmente en «Cofradías de Pescadores», que pasaron a depender do franquista Sindicato Vertical de Pesca e do Instituto Social de la Marina; porén,

a xente da beiramar seguiu (e segue) a usar o nome «laico» *pósito* e non o «relixioso» *cofradía*, que pasou a ter un *cabildo* (termo tomado da xunta das comunidades eclesiásticas) e un *patrón maior* á fronte. Deste xeito desaparecían por lei os termos *xunta directiva* e *presidente* dos antigos pósitos.

As Ordenanzas das «cofradías» mariñeiras reflectían o totalitarismo do Estado franquista con total ausencia de liberdade sindical e asociativa. O carácter confesional católico era obrigatorio, polo que cada «cofradía» tiña que se adscribir a efectos relixiosos á parroquia, declarándose festas oficiais a do santo Patrón (ou Patroa) parroquial e a festa da Virxe do Carme, unha devoción relativamente moderna, que arrinca de 1901 cando a raíña rexente María Cristina a declarou patroa da mariña de guerra; e como na armada facían o servizo militar a práctica totalidade dos mozos mariñeiros, a festa do Carme popularizouse de tal forma que acabou por desprazar santos e virxes protectores que se veneraban desde había séculos na beiramar galega. Ademais, a «cofradía» franquista podía nomear un capelán, que se elixiría entre os cregos da parroquia e que formaría parte do «cabildo» con voz, pero sen voto; e os «cofrades» afiliados tiñan que usar o saúdo nacional-sindicalista.

O Parlamento español aprobou en 2007 a Lei da Memoria Histórica pola que placas, monumentos e toda a simboloxía fascista ten que retirarse dos edificios públicos. Debería aplicarse esta lei á denominación *Confraría de Pescadores* que aparece nas fachadas de cada edificio, porque nese caso o termo *confraría*, aínda que estea en galego, é un símbolo máis do fascismo. Un nome acaído podería ser *Pósito de Mariñeiros*, porque *mariñeiro* en galego é termo xeral e non marcado, mentres que *pescador* designa o mariñeiro que pesca con liña (e tamén quen por lecer pesca con cana). Se cadra máis acaído sería *Pósito de Mariñeiros e Mariscadoras*, porque desde hai anos as mulleres que *andan á seca* son un colectivo importante en certos pósitos, ata o punto de que nalgúns é unha muller quen preside o «cabildo».

A forma *pósito* é un cultismo que en galego, sen dúbida, entrou polo castelán; pero é voz popular que o franquismo non logrou desterrar, como non o conseguiu co entroido, oficialmente «Fiesta de la primavera», tal como lembro do calendario escolar dos meus anos de estudante universitario. É certo que os *Pósitos de Pescadores* se institucionalizaron, sobre todo, na década de 1920 durante a ditadura de Primo de Rivera e que se crearon para contrarrestar o asociacionismo mariñeiro, como antes dixeran; aínda así, *pósito* é termo que carece das connotacións en boa parte relixiosas da *cofradía* franquista e da galeguizada *confraría* da xeira autonómica.

6. Para rematar voume referir á acepción mariñeira de *xurro* e á frase que encabeza o título desta conferencia.

A derradeira entrada do *Diccionario da Real Academia Galega* (1997) é **zurro** cunha soa acepción: «Líquido que solta o esterco. *Da porta das cortes saía un rego de zurro*. SIN. **xurro**», e de igual xeito se define o **xurro**: «Líquido que solta o esterco. *O rego do xurro vai dar á horta*. SIN. **zurro**». Esta acepción do mundo rural é a única do *Gran Dicionario Xerais da Lingua* (2000, revisado en 2009) na entrada **xurro** «Líquido case negro e de cheiro forte que solta o esterco das cortes; lidro, ludro, zurro».

O mesmo ocorre noutros dicionarios recentes de uso común. No *Gran Dicionario Século XXI* (2005) de Galaxia e do Cumio, as acepcións de **xurro** son: «1. Líquido que escorre do esterco. Sin. **zurro**. 2. Mestura de auga e excrementos que se produce nas cortes do gando. 3. Calquera auga mesturada con sucidade e corpos estraños. ♦ Sin. **sudre**». No *Novo Dicionario da lingua galega* (2005) de Obradoiro-Santillana, ese termo defínese como «Líquido que solta o esterco. SIN. **Zurro**», mentres que no *Dicionario de galego* (2004) de Ir Indo se trata de «líquido que escoa do fermento». No *Dicionário da língua galega* (1995) de Estraviz (e na versión en liña) as acepcións de **xurro** son: «(1) Enxurrada. (2) Buraco por onde entra a água nas herdades. (3) Mexos dos animais filtrados no esterco. Líquido do esterco». Na versión na rede cambiouse «mexos» por «mijadas».

En ningún destes dicionarios se rexistra a acepción mariñeira de *xurro*. No Porto do Son *xurro* (e *enxurrada* ou *corso*) é a corrente forte de auga do mar, mentres que na Illa da Arousa *xurro* (e *surro*) e en Cambados *xurro* é a forte corrente de auga doce que traen os ríos Ulla e Umia en épocas de moita chuvia, apreciable pola cor algo escura do barro ou area que arrastran eses ríos e que escumosa aboia sobre a auga salgada, sempre a mercé do vento.

Cando a comezos de decembro de 2002 todo o mundo admirou o esforzo sobrehumano (e asemade patético) dos mariñeiros arousáns na súa loita contra o piche ou chapa-pote que estaba na boca da ría, ese heroico esforzo das primeiras 24 horas ben pouco valería se o vento non virase para o norte, o que fixo que a combinación de moito *xurro* e forte nordés frease o avance do apestoso piche na zona do Pombeiro (entre o puntal de San Vicente do Mar e Sálvora) e no Carreiro de Sagres (entre Sálvora e Aguiño), tras do cal foron os mariñeiros-cazadores (con planadoras e barcos de cerco) e os mariñeiros-labradores (con barcos da batea) para colléreno con trueiros, salabardos, forcadás e as súas mans, mesmo sen luvas. Moito chovera en outubro e novembro de 2002, polo que o moito *xurro* do Ulla e do Umia contribuíu, ¡e de que xeito! á

salvación do patrimonio natural e marisqueiro da ría da Arousa, a máis grande de todas as rías galegas e a de maior produción marisqueira, á parte do moito peixe que cría nas augas das pedras e revastais dese ría, que en realidade é un mar. No dicionario da lingua galega que a finais do pasado marzo puxo en liña a Real Academia Galega na entrada **xurro** aparecen dúas acepcións do mundo rural e a seguir figuran dúas acepcións mariñeiras:

1. Líquido que solta o esterco. *O rego do xurro vai dar ao prado.* sin. **ludro, zurro**. 2. Líquido composto por auga e excrementos dos animais. *Ao lado da corte teñen o depósito para o xurro.* sin. **zurro**. 3. Forte corrente de auga do mar. *Co xurro non se traballa ben.* sin. **enxurrada**. 4. Forte corrente de auga doce, de cor algo escura polo barro ou a area do río que arrastra, que aboia sobre a auga salgada a mercé do vento. *O xurro do Umia, empuxado polo nordés, freou o piche do Prestige na boca da ría da Arousa.*

Existe fraseoloxía de uso común na beiramar, que ás veces pode resultar inintelixible para quen non coñece a cultura mariñeira e o seu léxico, como posiblemente ocorra coa frase *por unha hora en popa, un ano en bolina*, e particularmente coa segunda parte.

O mariñeiro sabe que o vento de popa axuda a ben navegar (*ir/vir vento en popa* dise en Foz e noutros portos), mentres que o vento de proa dificulta considerablemente a navegación. Cando se velea nun barco tradicional co vento de proa, hai que navegar *de bolina* (ou *en bolina*), isto é, cómpre navegar en zigzag para coller o vento non directamente pola proa porque a vela pode *vir á mala* e o barco *dar volta de quilla*. Nesa situación hai que coller o vento de costado, na amura, de xeito que o barco ofrezca menor resistencia á forza do vento, tal como se fai cando se sobe unha costa moi empinada, onde se procura ir en zigzag para ir superando a pendente. Hai que *voltaghear*, como se di popularmente en Cambados ou no Porto do Son, ou *andar a bordadas*, como din en Ribadeo.

A frase *por unha hora en popa, un ano en bolina* expresa figuradamente primeiro o pracer sexual e logo as moitas dificultades que un mariñeiro tivo para curar unha enfermidade venérea despois ter relacións con prostitutas. Esa frase contouma Raimundo García Domínguez, máis coñecido como «Borobó», que lla recolleu antes de 1936 a un patrón da parroquia rianxeira de Leiro que transportaba madeira de piñeiro nun *galeón*, que era como se chamaba nas Rías Baixas o barco para o transporte de mercadorías, que nas Rías Altas se denominaba *trincado*.

A frase *de bolina*, na acepción mariñeira, ten nos *Queixumes dos pinos* (1886) de Eduardo Pondal a primeira documentación na historia do galego escrito:

–Dunha lancha a branca vela,
da negra altura ó tornar,
parece, toda encurvada,
da virazón jogoral,
unh’ ala dunha gaivota
que máis alta qu’ outra vai
¡Que garrida é a branca vela
cando se ve bandear...!

De bolina, tesa a escota
que os ventos subíar fan,
o courel debaixo da agua...,
¡que gusto vela avanzar!,
¡que garrida vai a lancha
c’a espuma que ó redor fai...!

Armando Cotarelo Valledor, que era eonaviego da Veiga, no drama *Beiramar* (1931) usou *en bolina* e moito outro léxico mariñeiro arousán, que seguramente aprendeu nas súas estadias en Vilaxoán, de onde era a súa muller:

Muita carga, muita; de máis pra ir **en bolina**... ¡Voto a Briosle! ¡Ese baúsán amarra no tolete! Non ve o refacho... (Berra poñendo as mas como boguina) ¡Oé!... ¡Da lancha!... ¡Casa escota!... ¡Orsa, orsa! Caña a babor!... ¡Arría!... ¡Arría en banda!...

Xosé Luís Méndez Ferrín nun artigo asinado como Dosinda Areses empregou *en bolina* en sentido figurado:

Mitterrand camiña cara o socialismo co vento en popa; ou millor: moi cinguido e **en bolina**, a moitos nudos.

A acepción mariñeira do verbo *bolinar* documéntase por primeira vez nun texto de Ramón Cabanillas de *No desterro* (1913) referido á ribeira de Cambados:

As dornas gañan porto **bolinando**
por un mar furruxento que bruando espalla
sobre os cons albas guedexas.
Baixo os arbres, ó abrigo do nordeste,
o notario, o xués e o arcipreste
paseian discutindo a Canalexas.

E en sentido figurado Castelao usou o verbo *bolinear* nun mitin que dera na Coruña, que se recolle en *Sempre en Galiza*:

«Os galeguistas viñemos hoxe á Cruña para falarmos cos republicáns en público, e para empeñar a nosa palabra ante moitos testigos. E así decímolles: Para facer da nosa Terra un baluarte da República, como é Cataluña, contade sempre co Partido Galeguista; e se o vento se pón de proa e temos que perder moito tempo **bolineando**, entón comprirá baixar a vela e botar man dos remos. Para ese intre contade cos nosos brazos, que o que nos falte de forzas sobrarianos de corazón».

Coa cita de Castelao remato esta aproximación á cultura mariñeira e á súa inmensa riqueza léxica e fraseolóxica, que cómpre seguir apañando e peneirando para que vaia formando parte da Patria da Lingua que nos une a todos os galegos e galegas, sexamos de nación ou de corazón.

A Coruña, 16 de maio de 2012

SEMANA DAS LETRAS GALEGAS 2012

Este discurso imprimiuse o 14 de maio de 2012 coincidindo coa data de nacemento de Avelino Pousa Antelo, membro das Mocidades Galeguistas e depositario vivo do legado ideolóxico de reivindicación da lingua galega.

O exemplar que tes nas mans entregóuselles ás persoas participantes na Semana das Letras Galegas que a Universidade da Coruña organizou na Facultade de Economía e Empresa en homenaxe á figura de Valentín Paz Andrade.

Depósito legal: C 3133-2012



UNIVERSIDADE DA CORUÑA